

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 14 de novembro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Angel Rivas González.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e cincuenta minutos do día catorce de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1191).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1192).- REQUISITO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO: LIQUIDACIÓN CONSORCIO 1º SEMESTRE-RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA CENTROS DE DÍA. EXPTE. 146526/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 13/11/17, asinada pola concelleira delegada de Política Social, o asesor xurídico adxunto á

Xefatura de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformada pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

M<sup>a</sup> ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, Concelleira delegada da Área de Política social do Concello de Vigo, na representación que ostento, en uso das atribucións que me foron concedidas en virtude do Decreto da Alcaldía-Presidencia do 19.06.2015, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo (BOP nº 133, do 14.07.2015) e a teor da Instrucción de servizo do Concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda de data 07.11.2017, someto á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA.

#### I. ANTECEDENTES.

I.1. O 13.07.2017 tivo entrada no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 170101153) escrito do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co que se achegaron as liquidacións correspondentes ó primeiro semestre de 2017 dos Centros de Día de:

- "Vigo-Teis" (Liquidación nº 244/2017: 35.000 € = 28 prazas x 1.250€/praza).
- "Vigo Coia" (Liquidación nº 270/2017: 86.250€ = 69 prazas x 1.250€/praza).
- "Vigo Valadares" (Liquidación nº 271/2017: 50.000€ = 40 prazas x 1.250€/praza).

I.2. Nesa comunicación anunciábase tamén que estaban a revisar as liquidacións correspondentes ós "*anos anteriores*" (non se concretaban) de acordo cos novos criterios económicos fixados na L.2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que se pretendería aplicar con carácter retroactivo e que nas vindeiras semanas remitirán ó Concello esas liquidacións nas que aplicarían unha bonificación equivalente á metade da cantidade resultante, coa posibilidade de fraccionar o pagamento en cinco (5) anos.

I.3. De acordo co Art. 69 desa L.2/2017, as cantidades que correspondería aboar por ese concepto ás Entidades Locais terán a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles e poderán ser obxecto de compensación coa súa participación no Fondo de Cooperación Local. Para determinar dita participación, a Lei remítese ó regulado no seu Anexo I, con efectos do 01.01.2017. As liquidacións serían expedidas semestralmente con indicación do número de usuarios e as cantidades aplicables e deberían ser aboadas no prazo de tres (3) meses.

I.4. Unha vez firmes aquelas tres liquidacións, o Sr. Xerente do Consorcio procedeu a aprobalas mediante Resolución do 08.09.2017, que foi notificada ó Concello o 18.09.2017 informando dos prazos e a forma de pagamento e con indicación de que, de non efectuarse voluntariamente, "*a débeda contraída poderá ser obxecto de compensación coa participación do Concello no Fondo de Cooperación Local...*".

I.5. Segundo tamén se expresa naquela notificación, contra a Resolución da Xerencia do Consorcio, que esgota a vía administrativa, cabe formular potestativamente o requirimento previo de anulación/revogación perante ese mesmo órgano no prazo de dous (2) meses ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do CA do TSXG (Art. 10.1.g] LRXCA).

I.6. O 22.09.2017 o Xefe de Área de Benestar Social remitiu ó Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda un informe dando conta dos anteriores feitos, manifestando o criterio do Servizo sobre o asunto e solicitando que dese as instrucións oportunas e, de ser o caso, instase a presentación dos recursos procedentes.

I.7. O 07.11.2017 recíbese no Servizo de Benestar Social a Instrucción de servizo do Concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data requerín-

dolle para que: «...elabore e presente o recurso administrativo procedente, dacordo co indicado na notificación do Consorcio Galego, fronte a 1ª Liquidación semestral para o cofinanciamento dos centros de día e benestar que se atopan no termo municipal de Vigo. O devandito recurso terá como obxectivo esgotar a vía administrativa previa á xurisdiccional e deberá por de manifesto, ademáis das consideracións que o Servizo estime por razóns da súa competencia, a vulneración que supón esta pretensión de compensación á autonomía local recoñecida constitucionalmente (artigos 135, 140 e 142 da Constitución), á distribución de competencias (artigos 7, 25, 27 e 57 da LRBRL e artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local e ao equilibrio orzamentario que se deriva do disposto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, Lei Orgánica 2/2012 (artigos 3, 4, 5, 7, 8, 9 e 12)».

I.8. En cumprimento desa Instrucción elaborouse polo asesor xurídico da Área de Benestar Social o requirimento previo de anulación/revogación que agora, coa conformidade da Xefatura de Área e o desta Concelleira, remítese para a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

## II. REQUIRIMENTO PREVIO Á INTERPOSICIÓN DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO.

II.1. A posibilidade de formular o requirimento previo de anulación/revogación contra os actos administrativos ditados por outra Administración con anterioridade á interposición de recurso contencioso-administrativo está expresamente prevista no Art. 44 da LRXCA (L.29/1998).

II.2. Non se trata dun recurso administrativo nin participa da natureza destes senón que respoosta a un mecanismo de acordo e entendemento entre Administracións Públicas para evitar litixios, no marco dos principios constitucionais de coordinación e colaboración que han presidir as relaciónes entre elas. Unicamente procede naqueles litixios entre Administracións cando estas exercen potestades de dereito público e estando ambas revestidas do poder de *imperium* (STS 25.05.2009, Sala 3ª, secc. 5ª; STS 30.09.2009, STS 07.04.2011, STS 29.09.2015, STS 14.11.2016, STS 20.02.2017, etc.).

II.3. Deberá dirixirse ó órgano competente mediante escrito razonado que concretará a disposición/acto/actuación/inactividade de que se trate e solicitará o que en cada caso proceda (derogación da disposición, anulación ou revogación do acto...).

II.4. O prazo de presentación do requirimento é de dous (2) meses desde o día seguinte á notificación das liquidacións e entenderase rexeitado se dentro do mes seguinte á súa recepción a Administración requirida nono respostase, quedando expedita a vía contencioso-administrativa.

II.5. É competente para formular este requirimento a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015) de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

## III. PROPOSTA DE ACORDO.

Visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo APROBAR a formulación á Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do seguinte requirimento previo de anulación/revogación:

## «REQUIRIMENTO PREVIO DE ANULACIÓN/REVOGACIÓN (ART. 44 LRXCA)

O Excmo. Concello de Vigo, ó abeiro do disposto no Art. 44 e ccdtes. da L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, formula en prazo e forma REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN OU REVOGACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DÍA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 244/2017, 270/2017 e 271/2017] que lle foi notificada mediante oficio asinado polo técnico contable do Consorcio o 11.09.2017, con entrada no Rexistro xeral municipal o 18.09.2017 (Doc. nº 170127535), con base nos seguintes,

### MOTIVOS

#### **Primeiro. Infracción da lexislación estatal de Réxime local en materia de distribución de competencias e da lexislación sectorial autonómica reguladora dos Servizos sociais.**

1º.- De acordo co Art. 25.2.e] e ccdtes. (Arts. 25.1, 26.1.c]...) da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LRBRL), non afectados pola Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL (L.27/2013), os municipios unicamente poderán/deberán exercer como competencia propia, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materia de servizos sociais, o relativo a: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*» (Arts. 25.2.e] LRBRL).

2º.- Dentro desa limitada competencia municipal non pode entenderse incluída a asunción forzosa polos concellos de parte dos gastos ordinarios de funcionamento dos centros sociais e asistenciais da Administración autonómica como son os Centros de Atención Diúrna de Atalaia (Teis), Coia e Valadares, en Vigo, xestionados polo Consorcio/Axencia (Art. 36.c] L.13/2008) e nos que se presta atención a persoas valoradas como dependentes pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

3º.- A teor do establecido na Disposición Adicional 3ª da L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, posta en relación coa Disposición adicional 11ª da L.14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e o D.40/2014, do 20 de marzo, polo que se creou a Axencia Galega de Servizos Sociais de Galicia, para que lle fose esixible ó Concello de Vigo manter, no marco da disolución e liquidación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o compromiso de financiamento pactado nos Convenios subscritos nos anos 2007 e 2009 para os Centros de día de Atalaia (Teis) e Coia, tería sido necesario subscribir, antes do 31.12.2014, uns novos convenios entre as partes (Consorcio-Axencia-Concello), o que non sucedeu porque a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais*» residenciase agora, logo da entrada en vigor da LRSAL, na Admón. autonómica (Art. 27.3.c] LRBRL), á marxe dos prazos e condicións concretas nos que finalmente deba asumila.

4º.- Ademais, pola propia natureza convencional do instrumento, eses hipotéticos convenios a tres bandas, cuxos borradores foran enviados polo Consorcio o 03.03.2015, terían que ter sido aceptados voluntaria e expresamente por todas as partes, o que non era posible porque o Concello de Vigo non podía xustificar competencial nin orzamentariamente unha disposición de fondos a favor do Consorcio como a prevista nas súas cláusulas. Así as cousas, a avaliación municipal sobre a continuidade desa cooperación económica municipal nos gastos ordinarios de sostemento de dous equipamentos públicos da Comunidade Autónoma nunca podería ter sido positiva.

5º.- Consonte coa L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e co Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, os servizos sociais mínimos que todos os concellos de Galicia deben garantir son os servizos sociais comunitarios básicos e, nos específicos, non se inclúe, desde logo, a xestión ou o mantemento de equipamentos de ámbito supramunicipal e destinados exclusivamente a persoas dependentes.

Polo tanto, a L.13/2008 non atribúe ós concellos galegos nin a obriga de participar na xestión nin a de asumir o cofinanciamento dos centros de servizos sociais e asistenciais específicos de titularidade e xestión autonómica destinados á atención das persoas dependentes, como son as usuarias dos Centros de Día de Teis (Atalaia), Coia ou Valadares.

Tal competencia correspóndelle legalmente á Xunta de Galicia como reflicten os Arts. 59.i] da L.13/2008 e 32.i] do D.99/2012: «*Son competencias da Xunta de Galicia as seguintes: ... creación, mantemento e xestión dos servizos sociais especializados, así como dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia*».

Lémbrese ademais que os Centros de Día forman parte do Catálogo de servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia da Comunidade Autónoma; competencia da Xunta de Galicia (Art. 15 L.39/2006 e Art. 3 D.15/2010).

6º.- En todo caso, ata a aprobación da L.2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, o fundamento do cofinanciamento municipal dos Centros de Día de Teis (Atalaia) e Coia (o de Valadares nunca contou con convenio asinado) non se facía derivar da L.13/2008 senón duns convenios específicos asinados hai anos entre este Concello e o *Vicepresidente da Igualdade e do Benestar* e que quedaron sen efecto como consecuencia da modificación da lexislación de Réxime local (Disp. Adic. 9ª L.27/2013; Disp. Adic. 3ª L.5/2014) e das previsións autonómicas sobre xestión dos servizos sociais de Galicia (Disp. Adic. 11ª L.14/2013 e D.40/2014).

7º.- A Concellería de Política Social do Concello de Vigo solicitou formalmente do Xerente do Consorcio, o 14.10.2014, unha reunión urxente da Comisión de Seguimento dos Convenios para clarear todo este asunto e coñecer a posición e as previsións ó respecto do Consorcio/Axencia; petición reiterada noutro oficio (Doc. nº 150173918) en resposta ás liquidacións de 2015 (Rexistro xeral do 28.12.2015).

Lamentablemente, tales peticións nunca tiveron resposta, como tampouco o oficio que lle foi remitido posteriormente en 2016 (Doc. nº 160052127) no que se expoñían polo miúdo as razóns polas que, entendiamos, non procedía seguir esixindo aquel cofinanciamento municipal.

A única resposta aparente foi o envío das liquidacións correspondentes ó exercicio de 2016 dos Centros de Día de Teis (Atalaia) e Coia e a da escola infantil da rúa Palencia (Doc. nº 170006728; Rexistro xeral do 19.01.2017):

8º.- Coa aprobación da precitada L.2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG nº 28, do 09.02.2017), pretendeuse establecer “*un novo modelo de cofinanciamento para a prestación dos servizos de escolas infantís e centros de día*” xestionados polo Consorcio/Axencia.

En realidade, a aplicación que se pretende desta norma supón neste punto (Capítulo IX, “*Servizos sociais*”; Art. 69: “*Réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades*”) unha evidente vulneración do réxime competencial establecido na L.27/2013, impondo ás entidades locais un cofinanciamento forzoso de servizos que lle corresponde prestar e financiar á Administración autonómica, como titular que é dos Centros e da competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais*».

En concreto, para os Centros de Día, entenden que a achega municipal obrigatoria (exista ou non convenio) é de 2.500€ praza/ano (Anexo I, L.2/2017); custo estimativo determinado unilateralmente

pola Admón. autonómica en base a datos exclusivos de parte, carentes de contraste e de documentación xustificativa ningunha; simple reiteración da cantidade que figuraba xa, sen tampouco maior concreción nin xustificación, no Anexo II do “Acordo Marco FEGAMP – Consellería de Política Social en relación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”, asinado en Santiago de Compostela o 11.05.2016”, no que o Concello de Vigo non foi parte.

De feito, esa cantidade sería igual para todos os Centros de Día de Galicia, con independencia da súas características particulares e dos custos efectivos de cada un deles que, obviamente, non poden ser os mesmos.

9º.- Nos termos anteriormente expostos, esa esixencia unilateral de cofinanciamento municipal dos Centros de Día para as persoas dependentes que se pretendería sen máis con base na L.2/2017, fundamento único das liquidacións practicadas polo Consorcio, resulta incompatible co novo marco competencial establecido polo lexislador estatal en materia de servizos sociais e coa propia normativa sectorial autonómica de servizos sociais.

## **Segundo. Vulneración da garantía institucional da autonomía local na súa vertente financeira (Art. 142 CE).**

1º.- Esa pretendida detracción forzosa, unilateral e periódica de fondos municipais a favor da Facenda autonómica mediante unha descontextualizada aplicación dun precepto dunha lei de acompañamento orzamentaria representa unha limitación directa da dispoñibilidade dos ingresos do Concello de Vigo con relevancia constitucional (Arts. 137 e 142 CE), condiciona indirectamente a súa capacidade de decidir o destino dos seus recursos, pon en risco o cumprimento dos obxectivos fiscais das regras de gasto e estabilidade orzamentaria recollidos na LO. 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira e compromete os principios constitucionais de autonomía local e suficiencia financeira.

2º.- En efecto, a aplicación aillada ou inconexa do conxunto do ordenamento xurídico que se pretendería co Art. 69 da L.2/2017, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, suporía a creación unilateral dun ingreso coactivo á marxe do bloque da constitucionalidade, pois non está abeirada nin pola Constitución Española (Art. 157 CE), nin pola LO.8/1980, de Financiamento das CCAA (Art. 4 LOFCA) nin polo propio Estatuto de Autonomía de Galicia (Art. 44 EAG), que non inclúen entre os recursos propios de carácter financeiro da Facenda autonómica un consistente na participación da Comunidade Autónoma nos ingresos das Entidades Locais mediante a detracción forzosa e periódica dos seus fondos.

3º.- Preténdese, en definitiva, impoñer unha transferencia coactiva dos ingresos municipais a favor doutra Administración territorial, mediante a creación dunha atípica fonte de financiamento da Facenda autonómica sen contar coa habilitación necesaria e á marxe do bloque da constitucionalidade, vulnerando así o Art. 142 CE.

4º.- En consecuencia, as liquidacións xiradas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar deben ser consideradas NULAS por infrinxir o ordenamento xurídico, menoscabar a autonomía local na súa vertente financeira e descoñecer a esixencia constitucional de que os gastos das Entidades Locais se destinen en todo caso a financiar o exercicio das súas competencias propias.

Por todo o que antecede,

## **SOLICÍTASE**

Que, de acordo co disposto no Art. 44 da L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa, se teña por efectuado o REQUISITO DE ANULACIÓN OU REVOCACIÓN CON CARÁCTER PREVIO Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINIS-

TRATIVO contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DIA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 244/2017, 270/2017 e 271/2017] e, na súa virtude, se dicte outra pola que se deixen sen efecto as liquidacións aprobadas e a esixencia de pagamento contida naquela Resolución, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento».

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1193).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS PARA O PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE VIGO VERTICAL: CONEXIÓN RÚA SAN SALVADOR PRAZA ISABEL A CATÓLICA, VIGO. EXPTE. 4694/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 8/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 8/11/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	94,46
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,87
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	94,14
4	HIDROMIÑO, S.L.	93,53
5	AVAN INTEGRAL, S.L.	93,13
6	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,13
7	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,42
8	ORESA, S.L.	89,44
9	C. D. INDEPO, S.L.	88,50
10	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	86,57
11	COPCISA, S.A.	84,93
12	UTE EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.- EXCAVACIONES DARIO, S.L.	84,45
13	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	78,65

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.143,11 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 27 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 3 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de novembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 e 20 de outubro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440) por un prezo total de 524.981,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 91.112,46 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez